

N

TURGALICIA
BOLETÍN DE NOTICIAS

Nº 146 26 FEBREIRO-
3 MARZO'08

Boletín electrónico semanal de **TURGALICIA**. Estrada Santiago Noia, Km. 3. 15896, Santiago de Compostela.



Se desexa recibir máis información gráfica ou escrita sobre as informacións contidas neste boletín envíenos un e-mail premendo o seguinte enlace:



ou pónase en contacto con nós no teléfono:

902 200 432

ou no fax:

981 542 659



www.turgalicia.es



Reservas



Ofertas



Publicacións



Noticias

Edita: **TURGALICIA**. Realización Boletín de Noticias: Imaxe Nova de Comunicación S.L. r/Uruguai 2, 3ª dereita, 36201, Vigo. Tel.: 986 221 835. Fax.: 986 437 141 e-mail: imaxenova@imaxenova.com

CAMPAÑA TURÍSTICA DE PRIMAVERA

TURGALICIA leva durante o mes de marzo a oferta turística xeral de Galiza a Berlín e Londres e a varios mercados estatais

A Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, **TURGALICIA**-Dirección Xeral de Turismo, continúa a súa campaña promocional nos mercados europeos cara á primavera, e estará presente nas feiras ITB de Berlín, entre os vindeiros días 5 e 9 de marzo, e STEPS de Londres, os días 26 e 27, dentro do stand de Turespaña.

TURGALICIA, que vén de participar na Bolsa Internacional do Turismo (BIT) de Milán, entre os pasados días 21 e 24 de febreiro, contará en ambos os dous certames con tres módulos de información dentro do stand de Turespaña. En Berlín, haberá unha presentación relacionada coa oferta turística galega do Camiño de Santiago e, en Londres, outra sobre deportes náuticos, o termalismo e os viños do Ribeiro.

Ademais destas promocións nos mercados internacionais, **TURGALICIA** participará ao longo do mes de marzo en varias citas de carácter estatal. Así, a oferta turística xeral de Galiza promocionarase, nun stand propio, no salón náutico de Vigo (do 28 de febreiro ao 2 de marzo), e na feira Se-



A imaxe de Galiza nas feiras turísticas deste ano seguirá a liña estreada na pasada edición de FITUR.

vatur, en San Sebastián (do 14 ao 16), onde o Xacobeo instalará tamén un módulo dedicado ao Camiño de Santiago.

A finais de marzo, o Turismo galego viaxará a Sevilla, con motivo da celebración da feira Ferantur, dedicada ao Turismo Rural (do 27 ao 30) e visitará tamén Protermal, en Madrid (do 28 ao 30), onde se difundirá a oferta turística xeral de Galiza e, en particular, a relativa ao Turismo de Saúde.

Ferran Adrià eloxia as instalacións e a calidade dos plans de estudo do CSHG

Acompañado polo director xeral de Turismo, Rubén Lois, o cociñeiro catalán Ferran Adrià visitou a pasada semana o Centro Superior de Hostelería de Galicia (CSHG), dependente de **TURGALICIA**, e eloxiou tanto as súas instalacións como a calidade dos seus plans de estudo.

Ferran Adrià, que foi un dos cociñeiros participantes no Fórum Gastronómico Santiago'08, asistiu tamén á presentación, por parte das autoridades turísticas



de Galiza, do libro "A Electricidade na Restauración", que tivo lugar na sede do CSHG, e que pon de relevo

a influencia de determinados aparellos eléctricos á hora da execución de receitas na cociña actual.